

Programación de Novas Tecnoloxías Aplicadas á Música

2023-24



## Índice

---

Introdución	3
Secuenciación do curso.....	4
2.1 Obxectivos.....	4
2.2 Contidos	4
2.3 Avaliación	5
2.3.1 Criterios de avaliación	5
2.3.2 Mínimos esixibles	5
2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación	6
2.3.4 Criterios de cualificación	6
2.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula	7
2.4 Medidas de recuperación	7
2.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios	7
2.4.2 Probas extraordinarias	8
2.5 Recursos didácticos:	8
Metodoloxía	9
Atención á diversidade	9
Temas transversais	10
Educación en valores	10
Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)	10
Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	10
Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	10
Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	11
ANEXOS	12

## Introdución

---

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro.

A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

Nos últimos anos as novas tecnoloxías estanse a converter en ferramenta indispensable para todo músico. Esta materia que se imparte no terceiro curso de grao profesional ten como fin achegar aos estudantes a estas ferramentas, para que as podan empregar en proxectos e en procesos de aprendizaxe propios.

As tecnoloxías están en constante evolución, polo que dar aos estudantes unha visión das metodoloxías máis actuais será prioritario. A presenza cada vez maior da Intelixencia Artificial no campo creativo provoca o repensar destas metodoloxías, onde cabe prever o uso da mesma cun fin no desexado (reemplazamento de funcións na tarefa concreta). Por tanto, faise necesaria a concienciación sobre os usos éticos, aproveitando as vantaxes que ofrece simultaneamente.



## Secuenciación do curso

---

### 2.1 Obxectivos

- a) Coñecer o funcionamento das principais aplicacións informáticas destinadas ao ámbito musical, como son os editores de partituras, secuenciadores e editores de audio dixital.
- Coñecer e empregar as ferramentas dixitais para a edición de partituras a través do programa MuseScore.
- b) Utilizar estas ferramentas para o desenvolvemento práctico de actividades propostas nesta materia.
- Copiar partituras dixitais con MuseScore buscando a maior semellanza coa edición orixinal.
  - Compoñer dúas pequenas pezas musicais a través das funcións propias do programa LMMS coa duración mínima esixida pola docente.
  - Realizar proxectos breves a través do programa Audacity servíndose da variedade de posibilidades de edición de audio que ofrece o programa nun tempo mínimo a determinar pola docente.
- c) Identificar as diferentes maneiras de ser representada dixitalmente a información musical.
- d) Sentar as bases dun coñecemento a nivel técnico sobre os parámetros do audio dixital.
- e) Coñecer a nivel básico os dispositivos de reprodución e grabación usados nos estudos especializados.
- f) Comprender as terminoloxías usadas dentro da informática musical e os entornos de tratamento de audio analóxico e dixital.
- g) Entender os conceptos básicos da acústica e as súas aplicacións en diferentes entornos, tanto nos instrumentos coma na informática musical.
- h) Valorar a importancia do coñecemento tecnolóxico no desenvolvemento actual do músico profesional.
- Usar e coñecer as funcións do Aula Virtual para subir os traballos ou exames.



## 2.2 Contidos

- O ordenador. Principios básicos de funcionamento e as súas unidades de medida.
- Compoñentes do ordenador, periféricos, tipos de conexións e conectividade dos aparatos musicais en xeral.
- O midi e o audio dixital.
  - Exportar partitura a diferentes formatos: MIDI, WAV, MP3, MusicXML e empregala noutro software (secuenciadores e editores de partitura).
- Editores de partituras. Editores de audio dixital.
  - Edición de partituras en MuseScore.
- Secuenciadores e outras ferramentas.
  - Composición de bases e cancións en estilo libre traballando a riqueza armónica, a textura e o sentido estrutural.
- Os estudos de grabación. Dispositivos de grabación. Dispositivos de reprodución.
- Introducción á acústica xeral.
- Acústica básica dos instrumentos e a súa aplicación no ámbito do audio dixital.
- Intelixencia Artificial coma ferramenta musical.

## 2.3 Avaliación

Haberá tres tipos de avaliación: Inicial, procesual e final.

A avaliación inicial será levada a cabo nas dúas primeiras semanas de curso e terá como finalidade averiguar os coñecementos previos, sobre a materia e dará ao profesorado información sobre cal debe ser o xeito óptimo de iniciar o curso.

A avaliación procesual terá lugar ao longo de todo o curso, co seguimento dos procesos de creación dos proxectos propostos. Ao final do primeiro e segundo trimestre emitirase unha nota en base ao traballo feito até ese momento, para que estudantes e familias queden informados da marcha do curso.

A avaliación final é a que dará como resultado a nota de fin de curso.

De todas as avaliacións quedará constancia no seguimento mensual da programación. A avaliación será continua.



### 2.3.1 Criterios de avaliación

- 1) Realizar exercicios de transcripción no Musescore. Con este criterio preténdese comprobar o coñecemento do alumnado en relación co tratamento das principais opcións de edición de partituras.
- 2) Realizar exercicios de edición a nivel básico co Audacity e o LMMS. Mediante este criterio poderase avaliar a capacidade do alumnado para desenvolverse a nivel básico dentro dun programa de edición de audio ou secuenciador.
- 3) Identificar as partes xerais do interior dun ordenador. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para recoñecer e xerarquizar os compoñentes internos básicos dun ordenador.
- 4) Identificar as partes xerais da periferia dun ordenador. Con este criterio poderase valorar a habilidade do alumnado para recoñecer os compoñentes externos básicos que se poden conectar ao ordenador.
- 5) Describir o funcionamento dos principais aparatos que integran un estudio musical profesional. Con este criterio de avaliación tratarase de comprobar o coñecemento do alumnado sobre a variedade e a funcionalidade dos diferentes elementos constitutivos de un estudio de grabación profesional.

### 2.3.2 Mínimos esixibles

Considéranse criterios mínimos esixibles para superar o trimestre a participación regular na clase e/ou a realización dun proxecto por trimestre sobre un tema a elixir entre os contidos.

Nos criterios de cualificación detállanse as porcentaxes específicas de cada bloque de obxectivos e contidos.

Nas probas de acceso serán de aplicar os mínimos esixibles que establece a Lei (aprobar as dúas partes: instrumental e teórico práctica).



### 2.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

A materia será avaliada por trimestres. Haberá dúas partes:

- a) Seguimento do traballo semanal e avaliación do mesmo nunha ou varias entregas trimestrais.
- b) Exame teórico ou práctico.

No suposto de alumnado que se presente a unha única proba final, dita proba consistirá en: entrega dun cartafol dixital con 2 traballos sobre os temas dos contidos desta programación e o exame. O exame realizarase no aula e consistirá na edición dunha partitura. O tempo para a realización da proba será de 90 minutos. O/a estudante deberá vir provisto do seu propio dispositivo electrónico móbil para a realización da proba e en caso de non dispoñer deste medio deberá ter solicitado con antelación a utilización dun dispositivo do centro, dirixindo esta solicitude á profesora da materia.

A dificultade da ou das probas referirase aos contidos do curso que figuran na programación desta materia.

### 2.3.4 Criterios de cualificación

- a) Realización de traballo semanal/Actitude: 40%
- b) Entrega/presentación dos traballos: 40%
- c) Exame: 20%

**Observación:** o redondeo das notas realizarase ó alza a catro décimas da seguinte unidade. Non se fará media dos traballos se non están todos entregados.

As probas de acceso seguirán o modelo da aportada no anexo e manterán os mesmos criterios de cualificación. Recomendamos ao aspirante que se informe de todas as materias das que será avaliado na proba de acceso e que para preparar a proba consulte as respectivas programacións.

Nos casos de exames que avalíen toda a materia con unha única proba como: ampliación de matrícula e exame extraordinario en xuño, os criterios de cualificación serán do seguinte xeito:



- a) Traballos: 60 % (30% cada traballo).
- b) Exame: 40%.

### **2.3.5 Criterios para a concesión de ampliación de matrícula**

A ampliación de matrícula de 3º a 4º dependerá da superación dunha proba obxectiva de avaliación que inclúa os contidos do curso anterior ao que se pretende ampliar e que verifique que foron acadados os obxectivos da programación.

Serán de aplicación os criterios de avaliación e cualificación establecidos na programación para o remate do curso, agás no tocante aos criterios que valoran a actitude, que serán excluídos por tratarse dun único exercicio de avaliación final.

A ampliación de matrícula ao curso seguinte será solicitado naqueles casos nos que o alumno teña superado os obxectivos e contidos das materias do curso no que se atopa e sempre que a totalidade do profesorado do alumno estea de acordo. Os profesores poderán realizar unha Xunta Avaliadora Extraordinaria para estudar o caso concreto.

## **2.4 Medidas de recuperación**

En Novas Tecnoloxías Aplicadas á Música a avaliación é continua. Ao longo do curso os alumnos poderán ir recuperando os obxectivos non acadados, o profesorado facilitará exercicios de nivel progresivo para os alumnos que precisan recuperar.

### **2.4.1 Procedementos de recuperación ordinarios**

Exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación.





### 2.4.2 Probas extraordinarias

Consistirán en exercicios do tipo dos explicados no apartado de procedementos e ferramentas de avaliación, agás no tocante aos criterios que valoran a actitude, que serán excluídos por tratarse dun único exercicio de avaliación final.

### 2.5 Recursos didácticos:

- Musescore
- LMMS
- Audacity
- Merino de la Fuente, J., Muñoz-Repiso, L. y Verde, E. 2012. “Acústica musical. Una aproximación didáctica.” *Universidad de Valladolid, Publicaciones.*
- *Software Intelixente.*

### **Recursos de Aula:**

Equipo de música, portátiles e tabletas, proxector, rede wifi, pantalla interactiva.

### **Metodoloxía**

---

A metodoloxía empregada será a da aprendizaxe significativa e funcional, sempre partindo da base e experiencia das e dos propios alumnos. Aínda que as clases son colectivas sempre será imprescindible a atención individualizada, combinando estes dous tipos de traballos. Tratarase en todo caso de interrelacionar a utilidade desta materia con outras que estean cursando ou que cursen mais adiante.

### **Atención á diversidade**

---

Os alumnos que chegan a estes cursos compatibilizan os estudos musicais cos estudos da E.S.O, Bacharelato ou Formación Profesional. Todo isto, as idades e o instrumento que tocan determinará a diversidade do alumnado. Desde a aula atenderemos eventualmente os diversos intereses dos rapaces procurando sobre todo buscar actividades adaptadas ás diferentes necesidades dos alumnos, na medida en que estas se adapten aos contidos do curso.



Neste apartado poderíamos incluír a alumnos con dificultades de varios tipos: aprendizaxe, adaptación social, desordenes de personalidade ou sobredotación intelectual.

Cada caso valorarase e considerarase para determinar as posibilidades de intervención. Poderemos facer adaptacións curriculares non significativas.

## **Temas transversais**

---

### Educación en valores

Á parte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiren coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

### Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesorado e alumnado. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar as tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

## **Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

---

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. Os alumnos e alumnas e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades,



organizadas para motivar aos alumnos e alumnas e mellorar a súa educación, resaltaranse ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

## Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Mensualmente destinarase a lo menos unha hora para valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado das programacións didácticas. Mensualmente cada profesor redactará un pequeno informe que inclúa: os procesos de ensino e a súa práctica docente en función da súa adecuación ao alumnado, así como o logro dos obxectivos do grao e das materias. Esta avaliación poderá incluír os seguintes aspectos: a adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ás características e necesidades do alumnado; as aprendizaxes acadadas polo alumnado; as medidas de atención á diversidade aplicadas; o desenvolvemento da programación; a organización da aula e o aproveitamento dos recursos do centro e os procedementos de avaliación do alumnado. Ao final de curso cada profesor informará ao xefe de departamento do grao de consecución da programación didáctica e das propostas que sexan oportunas.

Para a realización da **Homoxeneización**, antes de entregar a Programación, os/as profesores/as da mesma materia acordarán os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción, que se verá reflectido na correspondente Programación Didáctica.

O proceso de **Calibración** realizarase naqueles casos nos que existan mais dun/ha profesor/a por materia e mesmo nivel educativo:

Nas especialidades teóricas, os/as profesores/as da mesma materia e nivel educativo poderán concretar todo o referente ao sistema de corrección das diferentes probas a realizar; os resultados das mesmas poderanse analizar nas Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación para comprobar o correcto funcionamento do procedemento.

## Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

A avaliación interna do departamento farase na segunda metade do curso en base ao grao de consecución das programacións didácticas e a enquisas realizadas aos alumnos, que serán deseñadas no propio departamento ao comezo de cada curso.



## ANEXOS

---

### Probas de acceso a 4º, 5º ou 6º G.P.

#### Contidos

- O ordenador. Principios básicos de funcionamento e as súas unidades de medida.
- Compoñentes do ordenador, periféricos, tipos de conexións e conectividade dos aparatos musicais en xeral.
- O midi e o audio dixital.
  - Exportar partitura a diferentes formatos: MIDI, WAV, MP3, MusicXML e empregala noutro software (secuenciadores e editores de partitura).
- Editores de partituras. Editores de audio dixital.
  - Edición de partituras en Musescore.
- Secuenciadores e outras ferramentas.
  - Composición de bases e cancións en estilo libre traballando a riqueza armónica, a textura e o sentido estrutural.
- Os estudos de grabación. Dispositivos de grabación. Dispositivos de reprodución.
- Introducción á acústica xeral.
- Acústica básica dos instrumentos e a súa aplicación no ámbito do audio dixital.

#### Criterios de avaliación:

Tipo de proba:

Darase unha partitura a transcribir en Musescore da que terá que exportar o audio e editalo no Audacity seguindo as indicacións.

O alumno deberá aportar o seu propio ordenador portátil ou dispositivo electrónico para a realización das probas.

#### Criterios de cualificación:

Transcrición dunha partitura (60%), extracción do arquivo de audio (10%) e edición do audio (30%).